



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I03TN	
Código de verificación  0B64 0J16 6H4T 4N5Z 03AQ	Expediente 108/2023/1331	
	Data 07-04-2025	

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 7 de abril de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Deixar sen efecto a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a medio/a de recursos humanos, da escala de administración especial, subescala técnica (subgrupo A2), aprobada por Resolución, do 31/01/2020, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, da concelleira delegada de Facenda e Administración do 20/06/2018 (BOP núm. 144 do 31/07/2018).

En aplicación da previsión establecida no artigo 2.6 da Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, en caso de esgotarse a listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de técnico/a medio/a de relacións laborais – recursos humanos (subgrupo A2), por non existir persoas integrantes da mesma dispoñibles para o seu nomeamento, poderase utilizar a lista de agarda anterior, previa audiencia da Comisión de seguimento das listaxes de agarda.

Segundo.- Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a medio/a de relacións laborais – recursos humanos, da escala de administración especial, subescala técnica (subgrupo A2), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 03/10/2023, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana (BOP núm. 194 do 10/10/2023), nos seguintes termos:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exerc.	Notas 2º exerc.	Notas 3º exerc.	Puntuación concurso	TOTAL
1	GÓMEN ALONSO, LETICIA	***0320**	14,82	20,374	14,50	0,00	49,694
2	VARELA CANCELA, EVA MARÍA	***3227**	17,22	21,123			38,343
3	LAMAS BECEIRO, MÓNICA	***1162**	16,38				16,38
4	PENA RODRÍGUEZ, ANTONIO	***4517**	15,90				15,90
5	ORIZALES QUEIJAS, LAURA	***7369**	15,36				15,36
6	FREIRE RICO, SILVIA	***5828**	14,28				14,28
7	PEREDA SALGADO, DIANA MARÍA	***0519**	12,90				12,90
8	SEOANE VIAÑO, SARA	***2658**	12,66				12,66



Concello da Coruña

Terceiro.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Cuarto.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada